

Santiago de Compostela, a 11 de xaneiro de 2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E O BANCO SABADELL PARA A INSTALACIÓN DA EXPOSICIÓN "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL" NO MUSEO CENTRO GAIÁS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

REUNIDOS

Dunha parte,

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con NIF G-15721640 e domicilio en Cidade da Cultura de Galicia (en diante, FCCG), representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, Directora Xerente en virtude dos poderes outorgados polo Padroado na súa sesión de 16 de decembro de 2016

E doutra parte,

BANCO DE SABADELL, S.A. entidade con N.I.F. A08000143 e domicilio social en Av. Óscar Esplá 37, 03007 Alicante (en diante "BANCO SABADELL"), debidamente representada neste acto por D. Federico Rodríguez Castillo, con D.N.I. número ***8468**, como Subdirector General da mesma, facendo uso das facultades que se lle teñen conferidas en escritura outorgada ante notario, o, co número do seu protocolo.

MANIFESTAN

II.- Que o BANCO é o titular da COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL. Algunha das obras de arte que compoñen esta colección serán exhibidas na exposición "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL", e que figuran relacionadas no anexo I.

III.- Que a FCCG é unha entidade cultural que carece de ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución, e que ten entre os seus fins a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico. A FCCG está interesada no contido da COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL e a considera idónea para que poida ser obxecto da exposición mencionada no Museo Centro Gaiás de la Cidade da Cultura de Galicia.

A posibilidade de exhibir a Colección de Arte Banco Sabadell na exposición "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL" no Museo Centro Gaiás supón unha actividade de gran repercusión cultural. Dentro dos obxectivos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, atópase o servir de canle para coñecer e poñer en valor a cultura galega, así como outras manifestacións culturais a nivel internacional.

IV. A FCCG organiza a exposición "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL", que terá lugar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia e que está previsto que comence o 21/10/2022 e remate o 16/04/2023.

V. O BANCO está interesado en que a súa colección sexa obxecto de exposición "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL" no Museo Centro Gaiás, pola gran repercusión cultural que ello lle proporcionaría.

VI. A COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL componse de obras actuais adquiridas pola súa calidade artística, o seu valor innovador e o que poden supor de inversión ademais do seu valor decorativo. Cabe recordar que un dos seus obxectivos é a decoración dos espazos de traballo e a relación cos clientes e accionistas do banco, así valores e estética conxúganse para converterse nun elemento destacado da imaxe e da marca do BANCO.

A través de esta exposición, comisariada por Montserrat Corominas e Miguel Molins, se pon de manifesto a relación entre os lugares e as cousas. Así mesmo, ésta explora as relacións e os límites entre lugares históricos e a memoria, entre a xeometría e o espazo, entre o límite e o baleiro, entre os corpos a palabra e o espazo, entre os lugares habitables, a cidade e o territorio.

A colección está composta por obras de autores como Isidoro Valcárcel Medina, Antoni Tàpies, Joan Hernández Pijuán, Eduardo Chillida, Esther Ferrer, Jordi Teixidor, Jose María Yturralde, Miquel Navarro, Ana Jotta, Sergi Aguilar, Susana Solano, Miguel Ángel Campano, Ferrán García Sevilla, Joan Fontcuberta, Cristina Iglesias, Hannah Collins, Ignasi Aballí, Montserrat Soto, Alicia Framis, Irma Álvarez-Laviada ou Ángela de la Cruz entre outros.

En consecuencia, recoñecéndose mutuamente as Partes capacidade para obrigarse, éstas acordan o presente convenio (en adiante, o "Convenio"), que se compón dos seguintes

PACTOS

1.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é a regulación dos termos e condicións do préstamo polo que o BANCO én réxime de comodato, e en calidade de COMODANTE, prestará temporalmente as obras recollidas no Anexo I á FCCG (en adiante as obras), que actuará como COMODATARIO, coa única finalidade de que estas as poida incluír na exposición organizada por ela mesma "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL" (en adiante, a "Exposición", cuxa duración está prevista que se estenda entre o **21 de outubro de 2022 ao 16 de abril de 2023** no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura. Unha vez concluída a Exposición, a FCCG deberá proceder á devolución das Obras ao BANCO.

En consonancia co carácter gratuíto deste contrato, non procederá a entrega de ningunha contraprestación por parte da FCCG ao BANCO.

A montaxe das Obras iniciouse o 11 de outubro de 2022 e a desmontaxe das mesmas finalizará antes do 25 de abril de 2023. En calquera caso, as partes se comprometen a que a Planta 2 do Museo Centro Gaiás estea dispoñible para a súa utilización para novos eventos expositivos o 30 de abril de 2023.

2.- O BANCO comprométese a asumir:

2.1.- A contratación e os gastos do transporte de concentración e dispersión de obra. A tal efecto, o BANCO coordinarase co Departamento de Exposicións da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, co obxecto de colaborar na apertura de obras, rexistro e colocación de obra.

2.2.- O custo, a coordinación e intermediación coa/s restauradora/s do BANCO, para a súa asistencia durante a montaxe e desmonte da exposición no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura para a realización do informe de devolución.

2.3.- A posta a disposición da FCCG do deseño gráfico que deberá aparecer no material de difusión en castelán. O uso dos logotipos de cada unha das Partes será validado por escrito por cada unha de estas con anterioridade á produción de cada un dos materiais.

2.4.- O custo do seguro a todo risco segundo modalidade "cravo a cravo", que cobre as obras obxecto da Exposición durante a súa manipulación, preparación embalaxe e desembalaxe, montaxe, desmonte, transporte e instalación da exposición "DE LUGARES E COUSAS. COLECCIÓN DE ARTE BANCO SABADELL", no Andar 2 do Museo Centro Gaiás de Cidade da Cultura de Galicia.

2.5.- O custo do desprazamento, aloxamento e dietas dos responsables e/ou coordinadores persoal do BANCO en caso de que este o estime necesario, para a montaxe, desmonte e inauguración da mostra en Santiago.

2.6.- O custo do desprazamento do/s comisario/s da exposición aos actos da rolda de prensa e inauguración da exposición.

2.7.- O BANCO responderá fronte a calquera reclamación que por vulneración dos dereitos de propiedade intelectual poidan realizarse sobre as Obras, sempre e cando as vulneracións sexan consecuencia de accións u omisións imputables ao BANCO e con suxeición a que non concorran causas imputables á FCCG.

3.- A FCCG comprométese a asumir:

3.1.- A FCCG recoñece ter recibido ás Obras con data anterior á celebración do presente convenio, e recoñece que estas se atopan en perfecto estado de conservación, polo que amosa a súa total e absoluta conformidade coas mesmas. Así mesmo, manifesta ter examinado e identificado as Obras como orixinais.

3.2. A FCCG se compromete a destinar un espazo adecuado e acondicionado para albergar a Exposición no Andar 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, asumindo plena responsabilidade respecto da utilización dos materiais expositivos obxecto da cesión.

3.3.- A contratación, o custo e a coordinación da embalaxe e desembalaxe das obras, e montaxe e desmonte da Exposición, incluíndo todo o mobiliario da exposición (vitricas, audiovisuais, iluminación) e devolución de obra ao seu lugar de orixe.

3.4.- A maquetación da gráfica da Exposición, textos de sala e cartelas.

3.5.- O custo, a contratación e a intermediación co deseñador da Exposición para o deseño do espazo expositivo do Andar 2 do Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura da FCCG.

3.6.- Directamente ou a través de terceiros, a contratación, execución e os gastos derivados da adecuación das salas (carpintería, subministración e colocación de moqueta, pintura...).

3.7.- A FCCG farase cargo do pago de dereitos de autor a calquera entidade de xestión de dereitos de autor relacionado coas Obras a exhibir, relativo ao acto de comunicación pública establecido no artigo 20 da Lei de Propiedade Intelectual.

3.8.- A posta das Obras a disposición da sala de exposicións do Museo Centro Gaiás, nas datas consignadas no pacto primeiro do presente convenio. Así mesmo, a FCCG facilitará as tarefas de carga e descarga dos camións contratadas polo BANCO co material e as obras da exposición.

3.9.- O Departamento de Exposicións da FCCG supervisará a descarga e o acceso ao depósito de obras de arte e colaborará coa desembalaxe, rexistro e colocación das Obras en sala, desmonte e devolución de obra e facilitará os planos e alzados necesarios para a localización e distribución das Obras por seccións e colaborará co BANCO nas tarefas de rexistro e apertura da obra mediante a súa presenza nas instalacións.

3.10.- A tradución dos textos da exposición (textos de sala, cartelas e subtítulos das películas, en caso de acordarse entre as partes), e dos materiais de difusión, ao galego. Estas traducións entregaraas ao BANCO para que este as supervise e fagan as subtitulacións de vídeos correspondentes, se se acorda subtitulalos ao galego.

3.11.- A produción da gráfica de sala (vinilos e paneis cos textos de ámbito) e a colocación da mesma, segundo indicacións do BANCO.

3.12.- A contratación, produción e execución da campaña de comunicación ou publicidade que levará a cabo durante a vixencia da exposición. As pezas derivadas da difusión e publicidade da exposición enviaranse para a súa oportuna validación polo BANCO, previo a produción.

3.13.- A organización e custos derivados (fotógrafo, intérprete, redacción e impresión do dossier de prensa, etc.) dos actos da rolda de prensa e inauguración da exposición.

3.14.- Custodiar debidamente as Obras desde a súa chegada ao Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura ata a súa retirada completa, período que comprende desembalaxe, montaxe exhibición, desmonte e reembalaxe da exposición. Comprométese así mesmo a comunicar urxentemente ao BANCO, verbalmente e por escrito, calquera alteración que se puidese observar no estado e condición das obras ou calquera situación de risco para a seguridade das devanditas obras, que só poderán ser manipuladas polo persoal autorizado polo BANCO. En caso de que por forza maior non sexa aconsellable esperara a recibir o visto bo do BANCO, a FCCG adoptará todas as medidas de urxencia necesarias.

Neste sentido, a FCCG remitirá ao BANCO o Informe das instalacións ou Facility Report, así como o suplemento de seguridade.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia remitirá cantas comunicacións estime oportunas e incidencias que poidan acaecer sobre as obras expostas e os contidos cedidos por Banco de Sabadell, S.A a fin de emendar calquera incidencia de forma consensuada entre ambas as institucións.

3.15.- Adoptar e asumir os custos das medidas de seguridade necesarias para protexer as obras segundo os estándares do suplemento de seguridade do Facility Report e que inclúen:

- Sistemas de seguridade antirroubo e contra incendios
- Vixilancia diúrna na sala de exposicións
- Vixilancia ou sistemas de alarma nocturnos
- Vixilancia e gravación nocturna mediante circuíto pechado da sala de exposicións onde estean situadas as obras.
- Envío semanal ao BANCO das lecturas de temperatura e humidade relativa da sala.

3.16.- Limpeza, mantemento e bo estado das salas onde se atopan instaladas as Obras.

3.17.- A xestión, coordinación e custo dos servizos de atención ao público e de visitas guiadas para público xeral, público escolar, e visitas VIP para clientes do BANCO (cun mínimo de 20 grupos).

3.18. A FCCG se compromete a que en todo o material de comunicación e difusión da Exposición apareza o logotipo do BANCO, facéndose constar que o BANCO é o propietario das Obras, xunto aos da FCCG e da Xunta de Galicia, que aparecerán como organismos colaboradores.

Nos actos de rolda de prensa, inauguración e calquera acto público que se poida organizar para dar a coñecer a exposición (sinatura pública do Convenio, etc.), representantes de todas as Partes actuarán en igualdade de condicións, sempre que as circunstancias o fagan raonablemente posible.

3.19. A FCCG responde fronte ao BANCO de todas as actuacións e obrigacións que lle corresponden, así como de calquera actuación culpable ou negligente, manipulación, operativa fraudulenta ou acceso indebido realizada polo seu persoal e manterá indemne ao BANCO de calquera quebranto, multa, sanción ou indemnización a que teña que facer fronte este último como consecuencia do incumprimento por parte da FCCG das obrigas establecidas neste convenio, que deriven do mesmo ou reclamados ao BANCO por terceiros. En consecuencia, a FCCG acepta pagar calquera cantidade, en concepto de sanción, indemnización por danos, prexuízos ou intereses, o por calquera outro concepto, que poida esixirse ao BANCO con motivo das obrigas asumidas pola FCCG.

4.- Fin do préstamo das obras

A FCCG obrígase a proceder a devolución das Obras prestadas ao lugar que para o efecto lle indique o BANCO tras clausura e desmonte da Exposición.

5.- Aspectos xerais:

5.1.- A organización e presentación da Exposición na Cidade da Cultura de Galicia corresponde á FCCG

5.2.- O BANCO e a FCCG, actuarán en igualdade de condicións nas presentacións públicas e roldas de prensa que se poidan organizar para dar a coñecer a exposición, acordando previamente a súa convocatoria e contido.

5.3.- A FCCG comprométese a cumprir en todo momento coa normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, así como a garantir que ningún terceiro visitante da exposición vulnere tales dereitos, responsabilizándose de todo iso fronte ao BANCO.

5.4.- A FCCG non poderá ceder, nin temporal nin permanentemente, a exposición a outras institucións, nin aceptar patrocinios destas sen consentimento previo por escrito do BANCO.

6.- Duración do convenio:

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o día da súa firma ata a entrega das Obras ao BANCO no lugar indicado por este a tal efecto.

7.- Finalización anticipada

7.1.- O BANCO poderá terminar anticipadamente de forma inmediata o presente convenio nos casos en que o BANCO constate, ao seu xuízo:

- Perigo para calquera das obras por calquera circunstancia e/ou falta da dilixencia debida na conservación das obras por parte da FCCG.
- Deficiente mantemento e/ou limpeza das Obras
- Vulneración de dereitos de propiedade intelectual.
- Modificación ou alteración do destino pactado para as obras
- Calquera outro incumprimento total ou parcial das obrigacións previstas neste convenio.
- No caso de que por forza maior ou outras causas fose do control do BANCO non se poida realizar a exposición nas datas previstas, ou ben teña que interromperse unha vez inaugurada.

7.2.- En caso de terminación anticipada, a restitución das Obras ao BANCO no lugar que esta indique non poderá ser superior a 10 días naturais desde a data de notificación comunicando á FCCG da Cultura de Galicia a terminación anticipada.

7.3.- Pola súa banda, a FCCG, poderá, en caso de incumprimento negligente ou doloso polo BANCO das súas obrigas no marco do presente Convenio, resolvelo sen prexuízo do exercicio das accións administrativas e xudiciais que estime pertinentes para a defensa do interese público.

8. Tratamento de datos de carácter persoal

8.1. Os datos persoais incluídos neste Convenio (datos dos intervenientes) serán tratados pola outra Parte coa finalidade de xestionar a relación de colaboración, sendo a base do tratamento o cumprimento da devandita relación e conservaranse durante todo o tempo en que esta subsista e aínda despois, ata que prescriban as eventuais responsabilidades derivadas dela. Finalizados devanditos prazos de prescrición, os datos serán eliminados ou, alternativamente, anonimizados. Os intervenientes danse por informados do seguinte:

a) Os respectivos Responsables do tratamento de datos de carácter persoal, son as partes asinantes e os datos de contacto do delegado de protección de datos (DPD) ou do responsable de seguridade de cada unha delas son os seguintes:

- Datos do delegado de protección de datos do BANCO., Oficina DPO, E-mail Dirección postal.
- Datos do delegado de protección de datos ou, no seu caso, do responsable de seguridade de l a Fundación Cidade da Cultura de Galicia: Dirección postal indicada no cabezal. Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): <https://www.xunta.gal/informacion-xeneral-proteccion-datos>

b) Os datos persoais dos intervenientes non serán cedidos a terceiras entidades, nin serán obxecto de decisións automatizadas.

c) No caso de que as Partes precisasen contratar os servizos de provedores situados en países que non dispoñen de normativa equivalente á europea para o tratamento dos seus datos, dita contratación realizaríase previo cumprimento de todos os requisitos establecidos pola normativa de protección de datos, e aplicando as garantías e salvagardas necesarias para preservar a súa privacidade. Para máis información poden contactar cos delegados de protección de datos ou, no seu caso o responsable de seguridade, a través das direccións indicadas.

d) Teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos, solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios, solicitar a oposición ou limitación do tratamento dos mesmos ou solicitar a súa portabilidade, enviando unha mensaxe ao delegado de protección de datos, ou no seu caso, ao responsable de seguridade, segundo corresponda, nas direccións indicadas.

e) Se consideran que o tratamento dos seus datos persoais vulnera a normativa, poden presentar unha reclamación ao delegado de protección de datos ou ao responsable de seguridade, segundo corresponda, ou ante a Axencia Española de Protección de Datos.

8.2. Queda expresamente convindo que todos os datos ou información que FCCG comunique ao BANCO en relación co obxecto deste Convenio serán datos disociados, é dicir, aqueles que non permiten a identificación de persoa física algunha e, por tanto, estarán excluídos da aplicación da normativa de protección de datos.

A FCCG non terá acceso nin tratará datos de carácter persoal dos que sexa responsable o BANCO durante o desenvolvemento do presente Convenio. No caso de que, durante a vixencia do presente Convenio, tivese acceso a algún dato de carácter persoal dos que sexa responsable o BANCO, deberá comunicalo inmediatamente á mesma, aplicando as medidas de seguridade oportunas e procedendo ambas as partes para adoptar cantas medidas e/ou accións puidesen ser necesarias de conformidade coa normativa en materia de protección de datos.

8.3. A FCCG declara que cumprirá, baixo a súa única e total responsabilidade, con todas as obrigacións que lle sexan esixibles en aplicación da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal. Así mesmo, comprométese a aplicar as medidas de seguridade necesarias, mantendo indemne ao BANCO de calquera indemnizacións e/ou sancións reclamadas por calquera terceiro, incluídas as autoridades e organismos competentes.

9. Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento do presente Convenio (en diante, a "Comisión" integrada por unha persoa representante do BANCO e unha persoa representante da FCCG, que terán, entre outras, as seguintes funcións:

- Realizar, o seguimento e a avaliación das actividades realizadas ao amparo do presente Convenio, así como os acordos de desenvolvemento necesarios para iso.
- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento respecto do Convenio

A Comisión establecerá as súas normas internas de funcionamento dentro do marco disposto no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Esta Comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio para os efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

10. Modificación do Convenio

O presente Convenio poderá ser modificado por mutuo acordo das partes a petición de calquera delas. Estas modificacións entrarán en vigor na data en que ambas as entidades acorden. Ditas modificacións reflectiranse nun documento que será asinado por ambas as partes e unido a este Convenio como Addenda ao mesmo.

11. Extinción do Convenio.

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) A resolución del Convenio segundo o disposto no pacto 7 "Finalización anticipada".
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

12. Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2017/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

As eventuais discrepancias derivadas do presente Convenio que non poidan ser resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula quinta, resolveranse polo procedemento previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, para os conflitos de atribucións.

As cuestións de aplicación, interpretación e efectos, que non poidan ser liquidadas polas partes serán resoltas pola orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

As partes acordan, someterse expresamente ao foro que no seu caso corresponda para calquera discrepancia, conflito ou litixios que se deriven sobre o cumprimento, execución ou interpretación do presente Convenio.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio un só efecto, na cidade sinalada ut supra e na data da súa última firma dixital.

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

BANCO DE SABADELL, S.A

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

D. Federico Rodríguez Castillo
Subdirector General de Banco Sabadell

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

 **XUNTA
DE GALICIA**

DE LUGARES



**COLECCIÓN DE ARTE
BANCO SABADELL**

21.10.22—16.4.23
Museo Centro Gaiás
Cidade da Cultura

cidadedacultura.gal

E

COUSAS



Xacobeo 21-22

 **Sabadell**

Un lugar é un espazo determinado capaz de albergar unha cousa calquera.

A natureza propia dos lugares, o que os caracteriza e os distingue do resto, depende precisamente daquilo que acollen, quer cousas, persoas ou pensamentos, e dos procesos e o tempo en que se constituíron. A súa denominación, o nome co cal os coñecemos, remóntase á feitura do terreo, á aparencia física, á presenza monumental, aos animais e ás plantas, aos homes e ás mulleres, aos deuses ou aos camiños.

A orixe do nome dos lugares adoita ser coñecida, en canto que o momento da súa fundación pertence, polo xeral, a un pasado máis ou menos remoto do que se conserva unha vaga lembranza. Por iso, cando preguntamos dende cando un sitio se denomina con tal ou cal nome, a resposta máis habitual que recibimos adoita ser «dende sempre». Os topónimos resístense á mudanza porque permanecen na memoria das persoas, ligados aos lugares e aos sentidos de identidade e de pertenza.

A palabra «lugar» ten outras acepcións que poden axudar a comprender as obras presentes nesta exposición. Dicimos «en lugar de» para indicar que algo substitúe outra cousa, ou «poñerse no lugar de alguén» para imaxinar que somos ese alguén ou comprendelo. «Dar lugar» ou «ter lugar» é ser causa de que algo ocorra e, xa que logo, «non ter lugar» significa que algún feito non acontece.

A escolma de obras da Colección de Arte Banco Sabadell que presentamos ten que ver con esta relación de construción, fundación, significación e simbolización entre os lugares e as cousas: os lugares históricos e os da memoria; a xeometría e o espazo; o límite e o lugar baleiro; os corpos, as palabras e o espazo; os lugares habitables, a cidade e o territorio.

Un lugar es un espacio determinado capaz de albergar una cosa cualquiera.

La naturaleza propia de los lugares, lo que los caracteriza y los distingue del resto, depende precisamente de aquello que acogen, ya sean cosas, personas o pensamientos, y de los procesos y el tiempo en que se han constituido. Su denominación, el nombre con el que los conocemos, se remonta a la forma del terreno, la apariencia física, la presencia monumental, los animales y las plantas, los hombres y las mujeres, los dioses o los caminos.



El origen del nombre de los lugares suele ser conocido, mientras que el momento de su fundación pertenece, por lo general, a un pasado más o menos remoto del que se conserva un vago recuerdo. Por ello, cuando preguntamos desde cuándo un sitio se denomina con tal o cual nombre, la respuesta más habitual que recibimos suele ser «desde siempre». Los topónimos se resisten al cambio porque permanecen en la memoria de las personas, ligados a los lugares y a los sentidos de identidad y de pertenencia.

La palabra «lugar» tiene otras acepciones que pueden ayudar a comprender las obras presentes en esta exposición. Decimos «en lugar de» para indicar que algo sustituye a otra cosa, o «ponerse en el lugar de alguien» para imaginarnos que somos este alguien o comprenderle. «Dar lugar» o «tener lugar» es ser causa de que algo ocurra y, por consiguiente, «no tener lugar» significa que algún hecho no acontece.

La selección de obras de la Colección de Arte Banco Sabadell que presentamos tiene que ver con esta relación de construcción, fundación, significación y simbolización entre los lugares y las cosas: los lugares históricos y los de la memoria; la geometría y el espacio; el límite y el lugar vacío; los cuerpos, las palabras y el espacio; los lugares habitables, la ciudad y el territorio.

ANTONI TÀPIES
JORGE OTEIZA
EDUARDO CHILLIDA
ESTHER FERRER
ISIDORO VALCÁRCEL MEDINA
JORDI TEIXIDOR
MIQUEL NAVARRO
ANA JOTTA
TXOMIN BADIOLA
MANOLO PAZ
ANTÓN PATIÑO
SERGI AGUILAR
SUSANA SOLANO
JAUME PLENSA
PEDRO CABRITA REIS
JUAN USLE
CRISTINA IGLESIAS
PEP DURAN

JOSÉ PEDRO CROFT
IGNASI ABALLÍ
LLUÍS HORTALÀ
MONTSERRAT SOTO
JORDI COLOMER
ORIOL VILAPUIG
DORA GARCÍA
MATEO MATÉ
ITZIAR OKARIZ
ÁNGELA DE LA CRUZ
ALBERTO PERAL
ALICIA FRAMIS
JOSÉ DÁVILA
MAR ARZA
IRMA ÁLVAREZ-LAVIADA
DAVID BESTUÉ
TERESA SOLAR ABBOD
CHRISTIAN GARCÍA BELLO




Antoni Tàpies _ Barcelona, 1923-2012
Suite Erker, 1992
 Xilografías en una tinta, 250 x 150 cm (x5)



Jorge Oteiza _Orio, 1908- San Sebastián, 2003
Construcción vacía con unidades planas positivo-negativo, 1957
 Plancha de acero pintada en negro, 27 x 40 x 28 cm



Eduardo Chillida _San Sebastián 1924-2000
Espacios perforados II, 1952
 Hierro, 79,5 x 76 x 43,5 cm



Esther Ferrer _San Sebastián, 1937

Poema de números primos, #24, #25, #26, 2020

Hilo y tela, 102,7 x 102,7 cm (x 3)



Esther Ferrer Donostia_San Sebastián, 1937

Marco que enmarca marco que enmarca (8 veces), años 80

Técnica mixta sobre tabla, 56 x 42 x 6 cm



Jordi Teixidor _València, 1941

S/t, 2015

Óleo sobre lienzo y madera, 266 x 84 cm (x2)



Miquel Navarro _ Mislata, 1945

Alta Torre, 1986


Hierro y zinc, 245 x 48 x 31 cm / 61 x 23 x 12 cm



Ana Jotta _ Lisboa, 1946
Exit C, 1980
 Madera y bisagras, 260 x 40 x 8 cm



Txomin Badiola _ Bilbao, 1957
Contra-Goddvibes Relieve (Let Her Paint), 2009-2015
 Construcción en madera, impresión sobre chapa galvanizada, 245 x 185 x 100 cm



Manolo Paz_Castrelo, 1957
Vértigo, 2002
 Mixta sobre madeira, 142 x 260 x 24 cm



Antón Patiño_Monforte de Lemos, 1957
Vieiros da chuva e cántaros de Gundivós, 2000
 Técnica mixta sobre tela, 195 x 194 cm



Sergi Aguilar_ Barcelona, 1946
B-V-N, 2016
 Acero, 41 x 160 x 70 cm (base)



Susana Solano_ Barcelona, 1946
Voluta II, 2016
 Acero inoxidable



Susana Solano_ Barcelona, 1946
Nura IV, 1999
 Hierro galvanizado y malla



Jaume Plensa_ Barcelona, 1955
We, 2008
 Hierro pintado, 60 x 40 x 40 cm



Pedro Cabrita Reis_ Lisboa, 1956
Ter e perder / Tener y perder, 1990
 Hierro, madera y escayola, 297 x 228 x 65 cm.



Juan Uslé _Santander, 1954

Decisión, 2019

Fotografía en color. Impresión con tintas naturales sobre papel, 198 x 132 cm



Cristina Iglesias _San Sebastián, 1956

Phreatic Zones Study IV, HONDALEA, 2019


Impresión digital sobre cobre, 100 x 133 cm



Pep Duran_ Vilanova i la Geltrú, 1955

Construcción 3 , 2018


Recipiente de zinc y formas forradas con mantas, 46 x 170 x 90 cm



José Pedro Croft _Oporto, 1957

St. (44), 2008


Hierro galvanizado y esmalte, 190 x 240 x 10 cm



Montserrat Soto_ Barcelona, 1961

Infierno ciego, 2018


Fotografía. Impresión digital sobre papel, 70 x 100 cm (x 6)



Ignasi Aballí_ Barcelona, 1958

Classificat (blau), 2007

Acrílico y impresión digital sobre tela, 200 x 190 cm (x 2)



Ignasi Aballí_ Barcelona, 1958
Sin límite, 1990
 Azufre y carbón digital sobre lienzo, 200 x 50 cm (x 2)



Lluís Hortalà_ Olot, 1959
Nada salvo el lugar habrá tenido lugar (Tres Museos), 2020-2021
 Óleo sobre tabla, 260 x 60 x 2,8 cm (x 4)



Jordi Colomer _ Barcelona, 1962
Maravillas, 1995-2004
 Varios materiales, 500 x 113 x 53 cm.



Jordi Colomer _ Barcelona, 1962
Prototipos (2), 2004
 Medidas variables



Son-oriol vilapuig, 2019. Conjunt 300x400cm aprox

Oriol Vilapuig _Sabadell, 1964

Son, 2019

Grafito sobre papeles de diferentes dimensiones, 260 x 400 o 450 cm



Dora Garcia _Valladolid, 1965


Contes Choisis /Cuentos seleccionados, 1991

Instalación:

1 cuadro de: 103x70 cm (impresión sobre tela)

1 escultura amarilla de: 82 x 33 x 33 cm (madera teñida)

1 escultura azul oscuro de 22 x 95 x 69 cm (madera teñida)



Mateo Maté _Madrid, 1964
Trampa de artista, 1996
 Madera, 116 x 103 x 99 cm



Itziar Okariz _San Sebastián, 1965
Una prueba, otra cosa no (I), 2019
 Madera (contrachapada) 2 obras de 161 x 228 x 24 cm
 Impresiones




Ángela de la Cruz _A Coruña, 1965
Throw VI (Yellow), 2013
 Óleo y acrílico sobre aluminio 123 x 56 x 37 cm



Alberto Peral _Santurtzi, 1966
Mesa Azul, 2014
 Intervención sobre papel fotográfico 165 x 109 cm



Alicia Framis, Barcelona, 1967
La habitación de la arquitectura prohibida, 2017
 300 x 300 x 200 cm.



José Dávila, Guadalajara, México, 1974
Homage to the Square, 2012
 Marcos de aluminio, pintura e hilo metálico, 180 x 180 x 180 cm



Mar Arza_ Castellón, 1976

Armario de aristas. Exploraciones dimensionales del poema, 2020

Textos recortados sobre estantería-vitrina de DM 222,5 x 160 x 27 cm



Irma Álvarez-Laviada_ Gijón, 1978

S.T. (Lo necesario y lo posible X), 2019

MD y cristal museo, 150 x 100 cm



David Bastué _Barcelona, 1980
 Varios títulos 2012
 Acero, medidas variables



Teresa Solar Abboud _ Madrid, 1985
Crushed by pressure, debris, 2017
 Tubos de acero galvanizado, cuerdas y cerámica negra esmaltada, 98 x 140 x 60 cm



Christian García Bello_ A Coruña, 1986

The Stacked Man- El estacado, 2022

Aceite, cera y plumbagina sobre madera de pino, latón y cuero, 180 x 90 x 60 cm



Esgrafiado LF3. y LF4., 2022

Serigrafía con tintas de minio de plomo y corteza de pino sobre papel de algodón teñido con corteza de roble 90 x 62 1/2



Isidoro Valcárcel Medina, Murcia, 1937 –
Sin título, 2020 Óleo sobre lienzo, 26,3 x 43,5 cm (x 3)

La Colección de Arte Banco Sabadell, ha ido ampliándose al ritmo del crecimiento del Banco. La mayoría de las obras son actuales y, como es habitual, han sido adquiridas por su calidad artística, su valor innovador y lo que puedan suponer de inversión, además de su valor decorativo. En tal sentido, cabe recordar que una de las cuestiones que la singularizan es, precisamente, la función de decoración de los espacios de trabajo y de relación con los clientes y los accionistas del Banco. Así pues, valores y estética se conjugan para convertirse en un elemento destacado de la imagen y de la marca Banco Sabadell.

A Colección de Arte Banco Sabadell foise ampliando ao ritmo do crecemento do banco. A maioría das obras son actuais e, como é habitual, foron adquiridas pola súa calidade artística, o seu valor innovador e o que poidan supoñer de investimento, ademais do seu valor decorativo. En tal sentido, cómpre lembrar que unha das cuestións que a singularizan é, precisamente, a función de decoración dos espazos de traballo e de relación cos clientes e os accionistas do banco. Daquela, valores e estética conxúganse para se converter nun elemento destacado da imaxe e da marca Banco Sabadell.

www.coleccionbancosabadell.com